

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

*EXTRACTO da Orde do 11 de abril de 2017 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2017, e se procede á súa convocatoria.*

BDNS: (Identif.): 343151.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios os concellos galegos, as mancomunidades de concellos de Galicia e os consorcios locais de Galicia constituídos exclusivamente por concellos.

Así mesmo, poderán ser beneficiarios as agrupacións de concellos, estremeiros e/ou dunha mesma comarca, que se xunten para os efectos de levaren a cabo unha iniciativa local conxunta. Neste suposto, todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude e convocar estas axudas para o ano 2017.

Coas iniciativas locais dirixidas á xuventude tratarase de fomentar a realización de actividades de educación non formal e a participación xuvenil no ámbito local, especialmente aquelas actividades enmarcadas nas áreas prioritarias de actuación establecidas na orde.

Terceiro. *Bases reguladoras e convocatoria*

Orde do 11 de abril de 2017 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2017 e se procede á súa convocatoria.



**Cuarto. Contía**

A contía global da convocatoria é de 609.025,67 euros.

No caso das solicitudes individuais, as presentadas por un único concello, o orzamento total do proxecto non poderá ser superior a 6.000 euros.

No caso das solicitudes conxuntas, as presentadas por unha mancomunidade, consorcio local ou agrupación de concellos, o orzamento total non poderá superar os 15.000 euros se a entidade ou agrupación está formada por dous concellos, ou os 22.000 euros se está formada por tres ou máis concellos. O orzamento máximo previsto para as solicitudes conxuntas aplicarase tamén aos concellos resultantes de procesos de fusión municipal.

Financiarase o cento por cento do proxecto presentado. A contía máxima da axuda será a establecida, para cada suposto, no punto anterior.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

Un mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

**Sexto. Outros datos**

O período subvencionable abrangue desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2017.

A concesión da axuda tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Para acceder á axuda requirirase unha puntuación mínima de 50 puntos na avaliación dos proxectos.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2017

José Manuel Rey Varela  
Conselleiro de Política Social

